

Certificado

M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Lugar que tivo lugar o día 27 de outubro de 2020, adoptouse o acordo que se transcribe:

“Punto 2.- Adopción de acordo en orde á concesión de subvencións directas ós Centros Educativos Públicos de Oleiros para actividades educativas complementarias e materiais didácticos

“Exposición de motivos:

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece a posibilidade de cooperación entre as administracións educativas e as Corporacións locais, cada unha no ámbito das súas competencias, para lograr unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nesta Lei, establecendo procedementos e instrumentos para favorecer e estimular a xestión conxunta coas Administracións locais e a colaboración entre centros educativos e Administracións públicas (artigo 8 e Disposición adicional decimoquinta)

Entre as formas de actividade das administracións públicas atópase a acción de fomento das actividades de interese público ou social que se levan desde outras instancias e que resultan complementarias das actuacións municipais directas.

Un dos eixos fundamentais da política municipal do noso Concello é a defensa dun ensino público de calidade. Nesa liña, desde hai moitos anos véñense desenvolvendo actividades complementarias programadas directamente polo concello e coordinadas cos equipos directivos nos eidos medioambiental, cultural, deportivo e social dirixidas ao alumnado.

Aínda así conscientes da importancia que na formación e educación dos nenos e nenas oleirenses teñen as actividades que os propios centros levan a cabo: conmemoracións de datas significativas, viaxes culturais, material funxible para aulas de educación infantil, etc.; consideramos necesario a colaboración municipal cos centros de ensino público, con apoio económico que lles permita desenvolver este tipo de proxectos.

No presente ano 2020, os centros educativos sufriron enormemente os efectos da pandemia polo COVID-19, debendo adaptarse repentinamente a unha docencia telemática para a que moitos deles (individualmente o profesorado e colectivamente a institución) non estaban preparados, o que supuxo un enorme esforzo de adaptación. Despois, ao comezo do presente curso 2020-2021, atopáronse coa necesidade imperiosa de adaptar as súas instalacións e funcionamento ás novas necesidades xurdidas da pandemia, redistribuíndo aulas, horarios e profesorado; asumindo novas obrigas relativas ao control de accesos, hixiene, grupos en recreos, etc; implementando formación para profesores e alumnado para garantir a óptima docencia telemática no caso –nada improbable- de producirse un novo confinamento.

Perante dita situación, algúns dos centros de Oleiros transmitíronnos a súa sensación de desbordamento na realización de tarefas administrativas e organizativas, así coma a urxencia de coñecer a posible disposición de fondos para poder planificar axeitadamente as actividades do novo curso escolar. Asemade, transmitíronnos o rogo de abreviar na medida do posible a tramitación administrativa derivada da concesión das subvencións que anualmente convoca o Concello de Oleiros.

O artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións dispón que poderán concederse de forma directa, *con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

Asemade, é innecesaria a convocatoria pública, porque os beneficiarios son todos e unicamente os centros educativos públicos de Oleiros.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Ante dita tesitura, esta Concellería considera que existen razóns suficientes de excepcionalidade e interese público e social para avalar unha concesión directa de axudas aos centros escolares públicos do Concello, mantendo os mesmos criterios de reparto que tradicionalmente se incluían nas Bases da convocatoria, pero cun procedemento máis simplificado e rápido.

Consideramos que esta proposta redundará en interese de todos os escolares de Oleiros, ao mellorar as posibilidades dos centros educativos de realizar actividades complementarias.

Comunicada esta intención aos Centros educativos públicos de Oleiros, todos eles presentaron solicitudes de subvención directa, que son as seguintes:

NIF	CENTRO	Data solicitude	Rx. Entrada	Importe solicitado
Q655512J	CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	14/09/2020	2020011992	10.300,00
Q6555067E	CEIP RABADEIRA	28/08/2020	2020010960	10.420,00
Q6555750F	CEIP VALLE-INCLÁN	14/09/2020	2020012058	12.400,00
Q1555001E	CEIP LUIS SEOANE	02/09/2020	2020011408	9.520,00
S1500117E	CEIP OLEIROS-JUANA DE VEGA	14/09/2020	2020012001	8.660,00
Q6555854F	IES MARÍA CASARES	14/09/2020	2020012060	12.860,00
Q1500255C	IES MIRAFLORES	14/09/2020	2020012003	9.540,00
Q5355191G	IES NEIRA VILAS	28/09/2020	2020012797	7.610,00

En ditas solicitudes fan constar, entre outros extremos, que non están incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención, que se atopan ao corrente nas súas obrigas co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, e que autorizan ao Concello para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.

Asemade, informan do número de alumnos matriculados a data 1 de xaneiro de 2020, o nº de unidades de Educación Infantil que teñen e, no caso do IES Neira Vilas, o número de participantes na Viaxe obrigatoria do alumnado do Bachibac.

Polos motivos expostos PROPONSE á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Conceder aos centros educativos públicos de Oleiros subvencións directas polos importes e coas condicións que se especifican a continuación:

1º.- Obxecto: axuda aos centros educativos para a realización de actividades educativas complementarias e adquisición de material didáctico de carácter funxible.

A subvención destinarase aos seguintes fins, que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020:

- actividades diversas de carácter educativo, cultural e deportivo,
- eventos e celebracións conmemorativas,
- adquisición de materiais didácticos de carácter funxible

Serán gastos subvencionables (para os fins a) e b) anteriores) os seguintes:

- Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
- Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades
- Contratacións de persoal externo para o desenvolvemento das actividades.
- Axudas de custo de profesores acompañantes.
- Seguros de accidentes das actividades e de responsabilidade civil.
- Transportes.
- Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

2º.- Importe e financiamento:

a) As subvencións imputaranse á aplicación orzamentaria 82.3260.48905 "Ensino.Serv.complem. Transf.ctes.APAS e colexios" e terán o seguinte importe:

NIF	CENTRO	IMPORTE
Q6555512J	CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	10.300,00
Q6555067E	CEIP RABADEIRA	10.420,00
Q6555750F	CEIP VALLE-INCLÁN	12.400,00
Q1555001E	CEIP LUIS SEOANE	9.520,00
S1500117E	CEIP OLEIROS-JUANA DE VEGA	8.660,00
Q6555854F	IES MARÍA CASARES	12.860,00
Q1500255C	IES MIRAFLORES	9.540,00
Q5355191G	IES NEIRA VILAS	7.610,00
	TOTAL	81.310,00

a) Estas cantidades responden aos seguintes criterios:

- Por cada unidade de educación infantil: 250 euros.
- En función do nº de alumnos do centro: 20 euros por alumno .
- En función do nº de participantes na Viaxe obrigatoria do alumnado do Bachibac: 70 euros por alumno.

b) Coeficiente de financiamento: 100%.

c) O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado. En caso de que isto ocorrese, o Concello podería minorar a subvención concedida nun importe equivalente a dito exceso.

3º.- Requisitos dos beneficiarios: As entidades subvencionadas deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- b) Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Oleiros, extremo que será comprobado de oficio.
- d) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado previamente ao acordo de concesión.

4º.- Obrigas do beneficiario: A entidade deberá cumprir as seguintes obrigas:

- a) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- b) Facer constar na súa páxina web a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan, e manter o anuncio durante a vixencia do convenio que se subscriba.
- c) Cumprir coas obrigas que impón a normativa vixente en materia de subvencións.
- d) Dar a coñecer ao Concello a concesión doutras subvencións para os mesmos conceptos no intre en que as coñezan.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.
- f) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 13.5 da



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

5º.- Pagamento.- Poderá efectuarse o pago anticipado do 100 por cento da subvención, reténdose o 40 % en concepto de garantía, cando así sexa solicitado polo beneficiario.

Considerando que todos os centros autorizaron ao Concello a solicitar de oficio as consultas relativas a estar ao corrente nas súas obrigas co Estado, e coa Seguridade Social, e asemade, acreditaron atoparse ao corrente coa Facenda da Xunta de Galicia, o pago anticipado realizarase despois de que a entidade presente ao Concello a seguinte documentación:

- Certificado do acordo adoptado polo órgano competente de aceptación da subvención.

A garantía retida será liberada e aboada ao beneficiario no caso de xustificación da conta de conformidade, consonte o previsto no apartado seguinte.

6º.- Xustificación:

6.1. A xustificación dos gastos realizados deberá presentarse antes do día 26 de febreiro de 2021, no rexistro xeral de entrada de documentos sito no Centro Cultural "A Fábrica".

6.2. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

6.3. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

6.4. A xustificación realizarase mediante unha conta xustificativa que constará dos seguintes documentos:

a) Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos.

b) Memoria económica, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do provedor ou acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, a data de pago.

- Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboados. Ditos documentos poderán vir cotexados polo funcionario do centro que teña atribuída a facultade de compulsas. Todos os documentos deberán ter data do ano 2020.

O pagamento dos gastos alegados xustificarase do seguinte xeito:

- ✓ No caso de pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.

- ✓ No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.

- ✓ No caso de pagos con tarxeta de crédito.- resguardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.

- ✓ Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 € (IVE incluído), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.

- Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

- Declaración dos ingresos xerados polas propias actividades subvencionadas, no seu caso.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

c) Acreditación da publicidade feita.

6.5. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

6.6. En caso de que o importe da xustificación presentada non acade o 100 por cento da cantidade concedida, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade final a aboar, na resolución que orde o pagamento.

7º.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

8º.- A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da xustificación das subvencións.

9º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos no artigo 11 das *Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros*.

Segundo.- Notificar o contido do presente acordo aos Centros educativos afectados e comunicalo a Intervención aos efectos oportunos."

E para que conste, expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.-